

CON PERDÓN

Ahh Dígoche a verdá
O colexio de Touro está vello
A caldeira máis de trinta anos
e o tellado máis de cen buratos

Abofé
Estas cousas con Tito non pasaban
a caldeira agora está estragada
cinco días sen calefacción.

Estaba chovendo
o diluvio caendo
as aulas enchoupando oh non

Todo o teito caendo
o chan cheo de caldeiros
os libros afogando oh

Chóvenos aquí, chóvenos alí
o entroido deste ano así
o Circo da Chuvia
e isto non nos gusta

E que nós así, sufrindo así
Indalecio ven por aquí
que isto non nos gusta
isto non nos gusta.

Vivir así, non aturo máis
por iso veño a dicirche o que sinto
afogando neste mar
e anque a chuvia me convirta nun salmón
eu sigo insistindo nunha solución
o único que importa é o teu amor

Chove na aula de quinto
na aula de primeiro
na de tecnoloxía

chove en audiovisuais
tamén no comedor
os baños inundados

Con humidade e sen calor
como imos poder estudar
non somos anfíbios
temos moito frío

E que nós así, sufrindo así
Indalecio ven por aquí
que isto non nos gusta
isto non nos gusta.

